

# Notas DE PRENSA

## II Xornada sobre rutas de Sendeirismo

6 DE MAIO DE 2010

**A empresa SEGATUR realizou o día 6 de maio de 2010 a II Xornada de Sendeirismo de Galicia, coa participación de máis de 15 Entidades Públicas.**

O xoves 6 de maio de 2010 no Centro Comarcal de Terra de Lemos (Expo-Lemos), foi realizada unha xornada de información sobre os aspectos máis importantes do Turismo de Natureza e do Sendeirismo en Galicia. Coa participación de 17 representantes e máis de 15 Asociacións de Desenvolvemento Rural, Proxectos PRODER e LEADER, Mancomunidades e Concellos, o conferenciante fixo un percorrido da situación na nosa Comunidade Autónoma e a relación co contorno turístico e naturalista do resto do Estado.

D. Xosé Henrique Freixeiro, xerente de SEGATUR e Técnico en Sendeiros da Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada (FEDME), fixo unha presentación do **impacto dinamizador e económico do turismo rural**, centrando a súa presentación no estudo da tendencia do turismo naturalista en Europa e España, publicado e presentado no 2005 polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

Deste informe despréndese que **o turismo de natureza en España é un sector de tendencia crecente na actualidade**, en contraposición co estancamento no crecemento e coa estacionalidade do turismo de "sol e praia".



Tamén foi realizada unha descrición do perfil socioeconómico dos turistas de natureza, as actividades máis demandadas, o alto grao de fidelización destes turistas e o impacto positivo no turismo e na natureza desta actividade económica. **Foi valorada especialmente a conservación da natureza** como recurso que debe ser mantido sen degradación e evitando o seu esgotamento.

**Das actividades solicitadas polos turistas amantes da natureza**, D. Henrique Freixeiro destacou con moita diferenza **o sendeirismo con máis do 50% da demanda**, seguindo moi de lonxe actividades como a bicicleta de montaña, escalada, mergullo, etc..

Seguidamente, fixo unha presentación dos sendeiros balizados e a súa difusión, imaxe de marca, impacto positivo na contorna, importancia da homologación e da calidade turística dos promotores en Galicia.

Tamén foi presentada a **Guía de TURGALICIA**, elaborada en gran parte pola empresa SEGATUR. Foi realizado un repaso das rutas que foron incluídas nesta publicación, e D. Henrique fixo un resumo do traballo e fotografías que compoñen a Guía.

O conferenciante fixo un resumo dos produtos e servizos que SEGATUR leva ofertando no mundo do sendeirismo dende o ano 1992. D. Henrique Freixeiro realizou unha escolma das accións que realiza a empresa, como elaborar proxectos técnicos para sendeiros e redes de sendeiros, execución de obras dos proxectos, intervención nos procesos de homologación federativa, asesoramento sobre sendeiros ou redes de sendeiros a particulares ou entidades, elaboración de sinais no seu obradoiro, instalación de paneis nas rutas, etc.

Finalmente as xornadas remataron cunha mostra dos elementos de sinalización que oferta a empresa e mostrando o traballo e servizo integral de SEGATUR no sendeirismo.

**Os asistentes**, que participaron activamente durante a charla, deron a súas impresións tamén por escrito e **mostraron, na súa**

**totalidade, o grande interese dunha xornada coma a realizada**, e moitos solicitaron máis información da empresa.

Alguns agradeceron por escrito que unha empresa privada realizara unha acción comunicativa neste eido, pois consideraban que **a falla de información** sobre os pasos para a creación de rutas, e sobre a posta en valor dos recursos endóxeos, **son uns dos maiores atrancos** para o desenvolvemento de rutas que teñan o atractivo e a aceptación do público e dos amantes do turismo de natureza.

Dende SEGATUR fíxose **unha valoración moi positiva**, pola cantidade e calidade dos participantes, os cales informaron sobre as futuras actuacións sendeiristas e indicaron á empresa os puntos en que os seus servizos podían ser máis interesantes.



## SEGATUR

Sendeiros de Galicia para o Turismo Rural s.l.u.  
Rúa Zaragoza 62 baixo int.  
36211 - VIGO

Se desexa máis información pode acceder a [www.segatur.com](http://www.segatur.com) ou comunicarse con [segatur@segatur.com](mailto:segatur@segatur.com)

(c) SEGATUR - Tódolos dereitos reservados